



VERÁNS DE LEGER CONSUMO

Programa estacional da Xunta de Galicia, que desenvolve o Instituto Galego do Consumo e da Competencia durante os meses de verán.

A través do concepto de lecer responsable trabállanse diversas temáticas relacionadas co consumo responsable: a publicidade, os dereitos das persoas consumidoras e usuarias, a etiquetaxe ou o uso das novas tecnoloxías.

As actividades deseñadas para cada grupo de idade son GRATUITAS, de carácter lúdico e participativo, ao tempo que pedagóxicas e promotoras da aprendizaxe colaborativa.

Os concellos poderán solicitálas a través do enderezo electrónico igc.escuela@xunta.gal.



XOGUETEANDO: UN LECER DIFERENTE!

Idade: De 3 a 6 anos

Duración: 1 hora

Descrición: Narración dun conto animado para promover un consumo responsable e un lecer activo, traballando ademáis os xoguetes seguros e sen riscos. Finaliza coa fabricación polos nenos e nenas dunha volvoreta, presente no conto.

A XINCANA DO CONSUMO RESPONSABLE

Idade: De 7 a 12 anos

Duración: 1 hora

Descrición: Realización dunha xincana onde os grupos teñen que superar diferentes probas nas que se traballan cuestións relacionadas co consumo responsable. Finaliza co deseño e realización dun cartel sobre o consumo responsable e sostible (hábitos de compra, obsolescencia programada, as 3R, reducir o consumo de auga e enerxía...)

PUBLICISTAS POR UN DÍA!

Idade: De 13 a 14 anos

Duración: 1 hora

Descrición: Obradoiro participativo no que as mozas e mozos converteráanse en publicistas, superando diferentes probas. Preténdese fomentar o coñecemento da publicidade e os diferentes códigos publicitarios: música, cores, mensaxe.. Rematarase coa gravación dun anuncio deseñado previamente.



O CONSUMO NA REDE

Idade: De 15 a 17 anos

Duración: 1 hora

Descrición: Obradoiro no que as persoas participantes velarán por un consumo seguro e responsable na rede, reflexionando sobre o tempo que destinan a este consumo e analizando as vantaxes e principais riscos do uso de internet e do comercio electrónico, xunto cos seus dereitos como persoas consumidoras e usuarias.

CHARLA PARTICIPATIVA: ESTE VERÁN COÑECE OS TEUS DEREITOS COMO PERSOA CONSUMIDORA

Idade: de 13 anos en adiante

Duración: 1 hora

Descrición: Charla participativa, aberta e dinámica, que ten como obxectivo dar a coñecer o dereitos das persoas consumidoras e usuarias, especialmente no verán.

INFORMACIÓN E SOLICITUDES:

Instituto Galego do Consumo e da Competencia

web: consumo.xunta.gal

Enderezo electrónico: igc.escuela@xunta.gal

Teléfonos: 881 999 091/ 881 999 093